

MÁSTER EN ESTUDOS DA LITERATURA E DA CULTURA
CURSO 20__ - 20__

Facultade de Filoloxía

ENQUISA DE SATISFACCIÓN XERAL DA/O ALUMNA/O CO MÁSTER

Nota: os datos obtidos nesta enquisa serán anónimos e serán tratados pola Universidade de Santiago (USC) con finalidades docentes, discentes ou de investigación, polo que non se tratarán datos de carácter persoal. Para calquera consulta en materia de protección de datos poderá dirixirse á Universidade de Santiago de Compostela, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, mail: protecciondatos@usc.gal. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade a través da Sede electrónica en <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna. Pode consultar a política de privacidade e de protección de datos da USC en <https://www.usc.gal/gl/normativa/protecciondatos/index.html>

Prezada/o alumna/o:

Para coñecer o seu grao de satisfacción co Máster que cursou e melloralo no que for preciso en sucesivas edicións, agradecemoslle que cubra este cuestionario.

Por favor, responda con sinceridade e responsabilidade.

Os cuestionarios son anónimos.

Indique o seu grao de acordo segundo a seguinte escala de valoración:

1 (totalmente en desacordo) - 2 - 3 - 4 - 5 (totalmente de acordo)

1 (moi mal) - 2 - 3 - 4 - 5 (moi ben)

A. Sobre o programa formativo e o desenvolvemento do ensino.

		1	2	3	4	5
1	A estrutura do programa formativo pareceume clara e ben definida.					
2	Os programas das diferentes materias gardan coherencia co perfil da titulación e o itinerario escollido.					
3	A oferta de materias optativas pareceume suficiente.					
4	Tanto o número de centros e de prazas ofertadas como a calidade das prácticas parecéronme axeitados.					
5	Recibín información suficiente sobre a programación, a coordinación e o calendario dos cursos.					
6	En xeral, o profesorado amósase accesible para resolver dúbidas e cuestións relacionadas coa súa actividade docente.					

7	O profesorado atende as dificultades que xorden pola diferente formación académica do alumnado.					
8	Existen suficientes mecanismos para que os estudantes poidan manifestar a súa opinión.					
9	Tómanse medidas para solucionar as queixas e inquietudes que transmite o estudante.					
10	No seu conxunto, o programa respondeu ás miñas expectativas académicas e profesionais.					

B. Sobre o traballo fin de máster (TFM).

		1	2	3	4	5
11	Tanto o tema como o desenvolvemento do TFM responderon ás miñas expectativas.					
12	Contei coa información necesaria acerca do meu tema de investigación.					
13	O número de horas previstas paréceme suficiente para levar a cabo a investigación.					
14	O nivel de esixencia é o axeitado para a titulación de máster.					
15	Valore a utilidade que, na súa opinión, ten este traballo para a súa formación.					
16	Indique a valoración global que lle merece o/a seu/súa titor/a de TFM.					

C. Sobre a infraestrutura académica e a biblioteca do centro.

		1	2	3	4	5
17	Os recursos da Facultade de Filoloxía necesarios para o desenvolvemento da investigación son axeitados e suficientes.					
18	O tamaño e condición das aulas son axeitados para as actividades que se desenvolven nelas.					
19	A biblioteca da Facultade de Filoloxía conta con espazo suficiente e un ambiente axeitado para facilitar o estudo e a investigación.					
20	A biblioteca dispón da bibliografía necesaria para a preparación dos traballos de investigación.					
21	Valore a súa satisfacción cos servizos de coordinación do máster no referente a atención, información, etc.					

D. Autovaloración do/a alumno/a.

		1	2	3	4	5
22	O meu nivel académico, de coñecementos e madurez eran os axeitados ao comezar este programa.					
23	Dediquei o suficiente tempo á preparación das tarefas, traballos e exames do curso.					
24	Empreguei a bibliografía recomendada polo/a profesor/a.					
25	Aproveitei de forma axeitada as horas de titoría.					
26	Dediquei ao traballo de investigación de fin de máster o esforzo e a dedicación que cabe agardar nun reto deste tipo.					

RESULTADOS GLOBAIS. Valore o conxunto do máster.

		1	2	3	4	5
27	Está satisfeito/a co conxunto do máster.					
28	Está satisfeito/a coa calidade do profesorado.					
29	Está satisfeito/a co interese do máster.					
30	Parécelle axeitada a relación calidade/prezo.					
31	Considera que o máster seralle de utilidade.					
32	Recomendaría o máster a outras/os compañeiras/os.					

OBSERVACIÓNS.

Engada calquera outra suxestión ou opinión que desexe manifestar.

Moitas grazas.